

CERTIFICACIÓN GALEGA DE EXCELENCIA EN IGUALDADE

A Certificación Galega de Excelencia en Igualdade (pendente de desenvolvemento regulamentario) é un distintivo a través do cal a Xunta de Galicia dálles o recoñecemento a aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas de igualdade.

Poderán optar á cualificación de Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, para os seus produtos ou para os seus servizos, as empresas, sexan de capital privado ou sexan de capital público, que teñan o seu domicilio en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, a condición de que, ao mesmo tempo, contratasen persoal en Galicia.

Co fin de obter a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, as empresas deberán presentar na Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade un balance sobre os parámetros de igualdade real existente na súa organización e no seu funcionamento con respecto ás relacións de traballo e con respecto á publicidade dos produtos e dos servizos prestados pola empresa.

A documentación necesaria para a solicitude desta certificación é a seguinte:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos parámetros establecidos regulamentariamente para a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.
- Plan de igualdade xunto co informe de seguimento e avaliación. A avaliación deberá facerse unha vez que transcorra un ano desde a aprobación do plan de igualdade.
- Inscripción do plan de igualdade no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos dependentes da Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social e das autoridades laborais das comunidades autónomas.

- Rexistro retributivo, de conformidade co Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.
- Outros documentos previstos regulamentariamente.